



## Concello de Oza-Cesuras

### RESOLUCIÓN DO ALCALDE

#### ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral das persoas que cubrirán o cadro de persoal **para a prestación dos servizos básicos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña a través do Programa PEL-CONCELLOS 2024** composta das seguintes prazas:

- 5 peóns ordinarios a xornada completa, durante un máximo de catro meses

#### CONSIDERACIÓN:

Na base 5 das **BASES PARA A CONTRATACIÓN DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE: 5 PEÓNS ORDINARIOS, DURANTE UN PRAZO MÁXIMO DE CATRO MESES, PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS, A TRAVÉS DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2024 INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL)** establécese que:

*“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador (Comisión Seleccionadora), integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes”.*

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección de cinco peóns ordinarios durante un prazo de catro meses , para o **SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA** a través do programa PEL Concellos

- a) **Candidatos/as admitidos/as no proceso de selección de cinco peóns/peoas ordinarios/as para o servizo de limpeza viaria:**





## Concello de Oza-Cesuras

APELIDOS E NOME	DNI
LOPEZ RUZO JOSE MANUEL	*** 1820**
MALCHOW VALIÑO JUAN MARCOS	*** 1766**
PEREZ TABOADA JOSE CARLOS	*** 7272**
PILAGATTI NICOLE	*** 4245**
ROCA SANCHEZ DAVID	*** 5729**
VIDAL GOMEZ CARLOS JOSE	*** 4339**

b) **Candidatos excluidos no proceso de selección de cinco peóns ordinarios para o servizo de limpeza viaria:**

Apelidos e nome	Motivo de exclusión
NEGRO LEZCANO ISRAEL	Non achegar acreditación de estar incluído en algunha das situacións de exclusión laboral indicadas na base 2.1.f). no prazo establecido.

**SEGUNDO.**-Establecer a composición do tribunal:

**Presidenta:** María Teresa Saavedra Cruz, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras

**Secretario:** Secretario-interventor do Concello de Oza-Cesuras ou funcionario en quen delegue ou substitúa

**Vogais:**

Luis López Gundián, persoal laboral do Concello de Oza-Cesur

María del Carmen Vázquez Juncal, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras

**TERCEIRO.**-O tribunal seleccionador deberá constituírse o día **18 de abril de 2024 ás 9:30** horas na Casa do Concello ao obxecto de levar a cabo a fase de concurso na que se valorará o indicado na base 7ª da convocatoria: Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas, a experiencia profesional en postos similares, e a posesión do carné de conducir tipo B, de conformidade coa documentación que achegaron os solicitantes ao presentar a solicitude de admisión ás probas.

**CUARTO.**-Convocar aos aspirantes admitidos no proceso, para que comparezan na Casa do Concello de Oza-Cesuras, sita en Lois, 33 – **Oza ás 11:00 horas do XOVES 18 de ABRIL de 2024** para o inicio da fase de oposición mediante a realización dunha proba práctica relacionada cas tarefas a desenvolver. Puntuarase ata un máximo de 6 puntos, debendo obterse unha puntuación mínima de 4 punto para superar a proba.

O aspirantes deberán acudir provistos do DNI

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**





## Concello de Oza-Cesuras

---

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José Sánchez Presedo

